

## **A CONSTITUCIÓN DA FUNDACIÓN PENZOL**

A vocación bibliofílica de Fermín Penzol orientouse a acopiar ininterrompidamente libros, folletos, revistas, documentos, manuscritos, referidos a Galicia, que ía localizando en librerías e postos anticuarios.

Deste xeito organizou, ao longo de moitos anos, unha biblioteca privada que é das máis importantes do país. Figuraban nela tanto obras sobre Galicia ou en idioma galego, coma de autores galegos ou editadas en Galicia.

Fermín Penzol quixo que a súa afección e o seu esforzo se converteran en algo de proveito para o noso país e por iso fixo entrega simbólica da Biblioteca, no ano 1956, á Editorial Galaxia. Posteriormente formalizouna ao crear a “Fundación Penzol” mediante escritura notarial do 7 de abril de 1963.

O padroado da Fundación estaba presidido polo fundador e composto inicialmente por varios egrexios galeguistas: Ramón Otero Pedrayo, Antonio Fernández López, Ramiro Isla Couto, Domingo García-Sabell, Ricardo Carballo Calero, Francisco Fernández del Riego, Xesús Ferro Couselo, Xerardo Fernández Albor, Marino Dónega, Ramón Piñeiro e Xosé Luís Franco Grande.

O Padroado nomeado para rexer a entidade resolveu, que con tan amplo repertorio bibliográfico e documental, se constituíse o eixo dunha biblioteca. Esta debía establecerse en Vigo, para paliar a carencia de institucións culturais que presentaba esta importante cidade de Galicia. Hoxe en día a Fundación Penzol está considerada como a mellor e máis completa de temática galega.

Tras a creación da Fundación Penzol, o seu arquivo e biblioteca instálanse nos locais da sala de xuntas da antiga Caixa de Aforros Municipal de Vigo, na rúa Policarpo Sanz, 24 de Vigo. Máis adiante, no ano 1985, a Fundación Penzol, mercé ao convenio asinado co Concello de Vigo, trasládase cos seus fondos aos locais moito máis amplos da Casa Galega da Cultura de Vigo, na praza da Princesa, nº 2.

Dende a súa creación e ata 2010, xa nonaxenario, dirixiu desinteresada e ininterrompidamente a biblioteca o escritor e galeguista Francisco Fernández del Riego, quen co seu infatigable traballo cotián foi o verdadeiro motor e mantedor da mesma. Na actualidade desempeña este cargo Francisco Domínguez.

A Biblioteca e o Arquivo da Fundación Penzol son de titularidade privada e de uso público. Figura no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego como cultural privada, por Orde do Ministerio de Cultura do 4 de marzo de 1982 (BOE nº 77, de 31/03/1982) e declarada de interese galego, por Orde da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo de 6 de marzo de 2001 (DOG nº 60, de 26/03/2001), figurando inscrita co número 2001/2.

O 17/03/2008 a Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia inscribiu a biblioteca co nº 374 no Rexistro de Bibliotecas de Galicia como de titularidade privada de especial interese para Galicia e quedou integrada na Rede de Bibliotecas de Galicia. Ademais está inscrita desde o 02/07/2009 no Censo de Asociacións e Entidades Culturais de Galicia da Dirección Xeral de Patrimonio e Difusión Cultural da Xunta de Galicia.

## **OS FONDOS DA INSTITUCIÓN**

Ao fondo patrimonial achegado por Fermín Penzol fóronse posteriormente sumando doazóns e legados, salientando pola súa importancia e volume o legado de Ramón Otero Pedrayo. Tamén se

poden destacar os de entidades e persoas tales como as editoriais galegas, administracións públicas galegas, Francisco Fernández del Riego, Alfonso Zulueta de Haz, Ramón Piñeiro López, Xaime Isla Couto, Manuel Rodríguez Lapa, Carlos Velo, Xoán Vicente Viqueira, Ramón Martínez López, Roberto González Pastoriza, Baldomero Cores Trasmonte, Emilio Soneira Maside, Xesús González Gómez, Xesús Alonso Montero, Estanislao Fernández de la Cigoña.

Os fondos da institución son de dúas clases: bibliográficos, formados por libros, folletos, e publicacións periódicas; e documentais de orixe pública ou privada, así como especiais e coleccións variadas. Caracterízanse todos por ter como denominador común temas ou asuntos referidos a Galicia, editados en e fóra de Galicia en diversas linguas. Con ampliación ademais, dos correspondentes aos territorios que os lingüistas chaman “área do galego exterior”: O Bierzo, A Maragatería, a parte occidental de Asturias. Tamén textos de Portugal e das súas ex-colonias, do Brasil, producións dos Centros Galegos de América, das nacionalidades históricas, Cataluña e o País Vasco.

Son moitos os títulos e aspectos que cabería reseñar. Por exemplo, os rebuscados exemplares correspondentes á historia galega a partir do século XVI: do Licenciado Molina, Gándara y Ulloa, Pallares y Galloso, ou os da nosa clásica economía: Somoza de Monsoriú, Lucas Labrada ou Cornide Saavedra.

### **Fondos bibliográficos**

Todas as ramas do saber e da cultura galega están representadas, podemos dicir que exhaustivamente. De entre as materias salientan as relativas á lingua, literatura, historia, etnografía, arte e política de Galicia.

A modo indicativo facemos referencia a algúns dos libros raros e un incunable que figuran na Biblioteca, con encadernacións artísticas de belo feitío:

- “Pauli Orossi... Historiarum initium ad Aurelium Augustinum”. Venecia, 1500.
- “Regla dela orden dela cavallería de señor Santiago del Espada”. Toledo, 1529.
- “Libro intitulado Palinodia, de la nephanda y fiera nación de los turcos...” de Vasco Díaz Tanco. Ourense, 1504.
- "Aerarium Commune utriusque iuris...". Mondoñedo, 1550.

Hai publicacións periódicas de toda Galicia, con exemplares rarísimos como: "El Recreo Compostelano", "Estafeta de Galicia", "Diario de La Coruña", "Revista de Galicia", "El Eco de Galicia", "El Danzante", "A Monteira", "El Iris del Bello Sexo", "La Ráfaga" etc.

### **Fondos arquivísticos**

Os arquivos familiares de casas nobres, familias principais, personaxes que protagonizaron acontecementos da vida pública galega, constitúen o núcleo máis importante e voluminoso que posúe a Fundación Penzol, con documentos persoais, xenealóxicos, patrimoniais, señoriais, de función, científico-literarios dos séculos XV ao XX. De varias familias como: Arias Teixeira, López Ballesteros, Casa de Brión, Marqués de Castelar, Casa dos Marqueses de Figueroa, Casa dos Marqueses de Vilagarcía e outras.

Entre os fondos documentais procedentes dun só personaxe, todos contemporáneos (fins do século XIX ao XX) e vinculados ás letras e á política galega, cabe mencionar entre outros os de: Castelao, García-Bodaño Fernández - López Ferreiro, Portela Valladares, Eladio Rodríguez González, Tettamancy, Ramón Villar Ponte, Xohán Vicente Viqueira, Ramón Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro.

Os fondos de orixe pública están formados por documentos notariais, xudiciais e da administración local. Entre os notariais salienta un tumbiño de dous notarios de Santiago do século XV. Os xudiciais proceden da Real Audiencia de Galicia, dos seus xulgados dependentes, con documentación do séculos XVIII e XIX. Tamén se atopan documentos da súa sucesora, a Audiencia Territorial da Coruña e doutros xulgados galegos do século XIX e XX.

Existen outros documentos estritamente eclesiásticos de procedencias diversas, entre outras: Catedral de Santiago, Colexio Maior Santiago Alfeo ou Fonseca de Santiago, Escolas de Cristo (San Felipe Neri) de Santiago, Fundación Oliveros de Porto de A Pobra do Caramiñal. Estes arquivos relixiosos abarcan desde o século XIX ao XX.

Entre os numerosos libros manuscritos, poñemos de relevo:

- Cédulas de Enrique IV de Castela e León sobre Galicia. Século XV.
- “Conjetura sobre el nombre de un pez cetáceo...” e “Sobre atunes y almadrabas” de Frei Martín Sarmiento. Século XVIII.
- Obras xenealóxicas de Tirso de Avilés y Botello de Morales. Século XVIII.
- Numerosas executorias de fidalguía en pergamiño ou papel con preciosas encadernacións, ilustradas con viñetas, armas e escudos dos solicitantes (Abella, Arias Teijeiro, Bermúdez de Castro, Correa Valladares, López Sotomayor, Neyra, Rodríguez de Castro, Sánchez de Ulloa e outras dos séculos XV ao XIX).

### **Materiais especiais**

Destacan os documentos cartográficos por ser únicos nalgún caso e tamén polo equilibrio xeral deste fondos, grazas á compensada representación de cartografía náutica e terrestre e das distintas épocas, desde o século XVII ao XX. Consérvanse, entre outras, pezas de: Hernando de Ojea (1603), Fernández Ojea (1634), F. de Wit (1672), Barbey (1696), Tomás López (1748), Fofour (1837), Fontán (1845). Tamén planos principalmente das cidades galegas: Ferrol, Vigo, Santiago, Ourense, Pontevedra desde o século XVIII en adiante.

Ademais atopamos unha importante colección de gravados e debuxos de: Osterberger, Paredes, Rey Romero, Melchor de Prado, Mirás, Mayer, Piedra, Jordán, Castelao e outros.

### **Coleccións documentais facticias**

Sen dúbida, entre as coleccións facticias a de meirande importancia é a colección de diplomas en pergameo, con perto de 300 exemplares, todos galegos dende 1135 ao século XVII.

Entre eles destacan:

- Doazón de Alfonso VII ao Mosteiro de San Xoán de Caaveiro, redactado en letra carolinxia, do 1135.
- Doazón de Veremundo Froilaz a Santa María de Monfero, do 1211.
- Documentos privados de vendas, arrendamentos, foros, permutas, doazóns... etc., dos séculos XIII ao XVI.

As coleccións facticias enriquecéense tamén coa "Colección A", formada por 353 unidades documentais de cartas, poesías e outros textos manuscritos autógrafos de Cornide, Pardo Bazán, Rosalía de Castro, Añón, López Ballesteros, Murguía, Pondal, Castelao, Bóveda... etc.

## **LABOR DIVULGATIVO**

Os fondos bibliográficos e documentais aos que fixemos referencia, son utilizados arreo polos investigadores de Galicia e de fóra para os seus traballos de pescuda. Personalidades, investigadores, profesores, escritores, estudantes, tanto de Galicia e de España coma do extranxeiro, consultan con frecuencia os fondos da Fundación. A demanda informativa das súas existencias, feita polas universidades e institucións culturais foráneas, é constante.

A esta misión específica da biblioteca e o arquivo, xúntase un extraordinario labor de divulgación e extensión cultural galega, posta de manifesto na organización e colaboración en numerosas exposicións culturais, de maneira directa con algún dos seus fondos, ou de maneira indirecta servindo de base documental e gráfica para o desenvolvemento das mesmas.

Entre as organizadas exclusivamente con fondos propios sobresaen as seguintes exposicións:

- MOSTRA DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA. 1853-1989 : ESCOLMA DE FONDOS DA BIBLIOTECA PENZOL (Vigo: 12 de agosto – 17 de setembro de 1999)
- AS PEGADAS DA CULTURA EUROPEA NOS CAMIÑOS DE SANTIAGO (Vigo: 14 de outubro - 17 de decembro de 1999)
- EDITAR EN GALEGO BAIXO A CENSURA FRANQUISTA (Vigo: 18 novembro 2008 – 11 xaneiro 2009)
- PROEZAS DE GALICIA: A GUERRA DA INDEPENDENCIA E A RECONQUISTA NA BIBLIOTECA PENZOL (Vigo: 13 maio – 12 xullo 2009)
- A DIMENSIÓN EUROPEA DA GALICIA ESPIRITUAL : O CAMIÑO DE SANTIAGO NA FUNDACIÓN PENZOL (Vigo: 8 setembro 2010 – 13 outubro 2010)
- FERMÍN PENZOL: UNHA OBRA PARA UN PAÍS (Vigo, 19 outubro 2010 – 30 novembro 2010)

Por último está o campo das publicacións que se levan a cabo en colaboración coa Editorial Galaxia. Entre elas cómpre destacar:

- “A vida e e fala dos devanceiros”, antoloxía de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI, preparada por Xesús Ferro Couselo.
- Varios volumes de etnografía, economía, filoloxía, crítica literaria, da autoría de Xaquín Lorenzo, Xosé Manuel Beiras, Pensado Tomé e Carballo Calero.
- Edicións da obra de Eduardo Pondal, Leiras Pulpeiro ou Xohán Vicente Viqueira.

Coa difusión de **NOVAS PENZOL** estreamos un eido informativo para proporcionar maior visibilidade aos valiosos fondos da Fundación e tamén para dar conta das actividades culturais. Os dous primeiros números dedicámoslos ás figuras de Valentín Paz Andrade e Celso Emilio Ferreiro

co gallo da celebración do Día das Letras Galegas 2011 e 2012 respectivamente. O terceiro número sae coa bibliografía de e sobre Francisco Fernández del Riego, con ocasión do centenario do seu nacemento.

Todo iso é o resultado dun importante traballo desenvolvido coa entrega xenerosa de moitas persoas e especialistas e do prestixio e alto interese acadado polo Centro Bibliotecario e arquivístico da Fundación Penzol.